

POR UNHA ECONOMÍA Ó SERVICIO DE TODOS

MANUEL MERA SÁNCHEZ
Confederación Intersindical Galega (CIG)

Recibido: 23 marzo 2000

Aceptado: 15 xuño 2000

Falarnos da economía galega no século que acaba de comezar, debe levarnos a un tempo a falar das condicións de vida da sociedade galega, xa que, en definitiva, de pouco serve que medre a economía se aumenta a precariedade ou ben un anaco grande da poboación queda á marxe dos beneficios do desenvolvemento. Pero, aínda máis, podemos dicir que a un mellor reparto da riqueza correspóndelle un maior desenvolvemento económico, cando menos en períodos longos e como norma xeral. Nomeadamente, e segundo o Banco Mundial, de 1965 a 1980 a economía do mundo medrou un 4,1%; de 1980 a 1990, un 3,2% e de 1990 a 1998, a penas un 2,4%. E isto malia o avance técnico e malia o proceso de globalización da última década, que algúns (artificiosa e interesadamente) consideran que potencia o crecemento económico. Non parece ser así cos datos na man.

A medida que avanzou a última parte do século pasado incrementouse a precariedade (desregulación) laboral e aumentou o desemprego. Hai quen dirá que a caída dos países do ex-campo socialista desfigura os datos, pero podemos dicir outro tanto das convulsións que houbo durante as décadas dos 60 e 70 en moitas áreas do mundo, ou da crise do petróleo. O certo é que cando se fala dun maior crecemento económico se está a pensar nos países da OCDE (nos máis ricos) e nos seus intereses, e non no conxunto da sociedade. A etapa dos 60 e 70, coas súas utopías redistributivas, de soberanía popular e nacional, cos desenvolvementos autocentrados e co contrapeso entre as grandes potencias amosouse, na práctica, como unha tempada na que as forzas productivas atoparon unha canle máis apropiada para se desenvolver, cando menos se falamos en xeral de todo o planeta. Deberamos pensar e estudar estes feitos xa que deitan moita luz sobre o camiño que cómpre seguir, pois a solidariedade non é unha carga, como moitos argumentan desde intereses clasistas e de status, senón tamén un ben económico.

Desde os sectores progresistas, o debate está en se a redistribución da riqueza (e do traballo) debe asimilarse á igualdade salarial, ou se se trata de garantir uns mínimos e establecer uns máximos, dentro dos cales se eviten situacións de marxinação social e de imposición económica e quebra das regras democráticas (por concentración da riqueza e do poder nunhas poucas mans). Así mesmo, enténdese que o papel do estado é esencial como garante desta redistribución e como expresión das vontades maioritarias. Por outra banda, non é casual que desde as grandes empresas se pretenda reduci-lo papel que o estado ten na sociedade e secuestrar aspec-

tos básicos da súa actividade, como son a universalización dos servizos públicos esenciais e o control das relacións laborais, por poñer só dous exemplos.

1. UNHA DISTRIBUCIÓN EQUILIBRADA DA RIQUEZA POTENCIA A ECONOMÍA

Se nos achegamos sen cegueiras ideolóxicas á nosa realidade, veremos como a sociedade galega, malia os avances técnicos e de infraestruturas, non se beneficiou maioritariamente do crecemento económico das últimas décadas. Unha recente enquisa realizada pola Xunta de Galicia¹ ofrece datos que abraian: un 16% das familias chegan a final de mes con moita dificultade, un 43,7% con dificultade, contra un 1,8% que chega con moita facilidade ó remate de mes. Como para queixarse logo de que non aumenta a natalidade, coa maior parte da poboación cuns ingresos cativos, traballo precario e un futuro incerto.

Diciamos nos parágrafos anteriores que unha maior distribución favorece o crecemento da economía, xa que evita situacións de extrema pobreza e incorpora ó consumo a sectores da sociedade marxidados ata ese intre². En situacións nas que o paro e maila precariedade estean moi estendidos, este efecto será máis positivo, máxime se o país ten capacidade interna para produci-los bens que se demandan desde os sectores sociais incorporados a un maior consumo. No caso do Estado español, e de Galicia en particular, mesmo podemos dicir que a concentración dos beneficios do crecemento económico da última década na clase alta e media alta pulou por un tipo de consumo moi ligado á importación de bens e á exportación de divisas (informática, telecomunicacións, turismo exterior, investimentos en negocios con rápidos beneficios, etc.).

Non hai dúbida de que, neste marco internacional de globalización da economía e sacralización do neoliberalismo, non é moi doado establecer certas regras que favorezan a integración social e o equilibrio territorial. ¡Pero tampouco non é imposible! Todo depende da vontade política. Por exemplo, en practicamente tódolos países europeos hai establecida unha Renda Básica (tamén chamada Renda Mínima ou Salario Social) que evita as situacións de extrema pobreza e de marxinação social. Trátase dun chanzo mínimo de salario garantido (a cambio de certos requisitos familiares e prestacións sociais e de formación) que asegura, asemade, que ningún traballador vai aceptar condicións laborais máis baixas e, polo tanto, é un freo para moitas irregularidades e situacións de sobreexplotación. Non se pode argumentar, como se fai desde o Goberno central, que isto non é posible, que son moitos cartos, cando en Portugal (cunha renda per cápita máis baixa) se está a aplicar desde hai dous anos e abrangue a un 4% da poboación.

¹ *Enquisa de condicións de vida das familias.*

² No 1999 había como media 420.800 traballadores con contrato fixo e 223.900 con contrato eventual, un 34,36% do total, máis 182.200 parados, ou sexa, 406.100 obreiros en precario. Por riba do 50% dos asalariados en precario, se a estes datos engadimos os que non teñen contrato.

Hai outras medidas de carácter social que se poden poñer en práctica e que terían efecto axiña, como por exemplo aumenta-la cobertura das prestacións por desemprego (dado o gran superávit actual do sistema), ou que os parados non teñan que pagar certas taxas, que aboem menos nas empresas de transporte, etc. Está, ademais, todo o tema fiscal. Nos últimos anos baixáronse as porcentaxes do IRPF e outros impostos que gravaban os ingresos máis altos. Concretamente, as rendas do traballo pasaron de reportar un 79,12% do IRPF no ano 1994 a se-lo 83,51% no 1999³. Hai unha transferencia de cartos desde o sector público e desde os sectores máis pobres ós máis ricos, o que contribúe a aumenta-la concentración do poder económico nunhas poucas mans. Un feito este que, ademais de acrecenta-la estratificación social, limita a democracia, xa que o poder real fica en mans de moi poucas persoas alleas a calquera tipo de control democrático.

2. GALICIA, PORTUGAL, LATINOAMÉRICA... ESCENARIOS QUE CÓMPRE POTENCIAR

Pódese facer unha política social progresista con calquera grao de desenvolvemento, pero canto maior sexa este máis medrarán as posibilidades dunha mellora nas condicións de vida que chegue a tódalas clases sociais. Galicia tanto pode ser un país periférico coma un centro de comunicacións, tanto pode ser un país dependente como ter un alto grao de autonomía real, todo depende de nós e da nosa capacidade para desfacermonos de sometementos e empregarmos axeitadamente os potenciais materiais e humanos dos que dispomos, que son moitos.

Debemos saber con claridade qué queremos nós, termos un proxecto de país, ¡esta é a clave do éxito!, e non seguirmos acriticamente (sen estudio e análise ningún) os proxectos que se realizan en Bruxelas e Madrid que, non pode ser doutro xeito, están realizados en función dos intereses doutros pobos e de empresas arredadas das nosas necesidades. Por iso, desde a CIG, coidamos que é fundamental desenvolve-los sectores productivos a partir dos nosos recursos endóxeos, aproveitando a nosa situación xeográfica e as relacións históricas con outros pobos.

Ante todo, debemos situar con claridade o noso escenario económico, político, social e cultural. Os nosos escenarios, porque coido que hai varios, son como círculos concéntricos, tanto pola prioridade como pola súa relación estratéxica co noso país.

Temos un primeiro escenario, que é o norte de Portugal, co que hai que formar unha rexión económica única. Isto permitiranos facer unha economía de escada, petar con forza en Bruxelas, e servir de ponte a ese segundo escenario que é Portugal, Latinoamérica e maila África de lingua portuguesa. Pero Galicia-norte de Portugal nunca será unha “rexión”⁴ con peso se non se aumentan as relacións no eido

³ *El País*, (07-02-2000), p. 72.

⁴ Rexión histórica, económica, lingüística e cultural.

laboral, social e cultural e, tamén, se non alongamos este proxecto cara ó occidente de Asturias, o Bierzo e Sanabria. Pero para iso teñen que facerse propostas a longo prazo conxuntas, nas que cada cidade e comarca deben especializarse, nas que hai que racionaliza-los recursos, potencia-las colaboracións... Falamos dunha rexión de 7 millóns de persoas, con tanta poboación como Suecia e o dobre de Irlanda.

O segundo escenario ó que fixen mención, Latinoamérica e a África de lingua portuguesa, é o que nos permite facer de Galicia-norte Portugal unha rexión central en Europa. En toda esa área os galegos e mailos portugueses do norte temos vínculos de sangue e relacións familiares privilexiadas para establecer acordos comerciais, potencia-los servicios (o turismo étnico, a venda de libros, a música, os vídeos e todo aquilo que teña que ver coa orixe dunha gran parte destes pobos). E isto tamén en sentido inverso.

Hai dous terceiros escenarios: un o resto do Estado e o outro a Europa atlántica. Son marcos económicos cos que hai hoxe unha gran relación e cos que temos intereses comúns dentro da Unión Europea, pero tamén de competencia segundo o tema do que se trate (non esquezamos isto).

Situados os escenarios estratéxicos e o seu interese para o país, cómpre darlles vida, potencialos. Hai que termar por establecer marcos de relación estables que reforcen as relacións económicas, a investigación, as infraestructuras, os proxectos en común..., en fin todo aquilo que favorece a actividade productiva. Por exemplo, os acordos entre universidades, entre asociacións culturais, entre organizacións sociais e sindicatos, programas de colaboración entre as televisións públicas, unha información máis cotiá e extensa nos medios de comunicación sobre o que acontece a cada lado da raia. Aínda hoxe, nos medios de información galegos e portugueses o que pasa a cada lado da fronteira é algo secundario, agás que sexa unha noticia en Madrid ou en Bruxelas. Grave, ¿non si?

3. CONSTRUIR SOBRE ALICERCES SÓLIDOS

O noso país conta con grandes riquezas potenciais, tanto por ter 1.300 quilómetros de costa como por estar favorecido por un clima benigno con chuvias abundosas. A riqueza enerxética, madeireira, gandeira, pesqueira e en recursos minerais foi moi explotada durante o franquismo e a transición democrática pero non serviu para desenvolver unha industria transformadora que absorbese o excedente agrario de man de obra. Aínda hoxe, arredor de 20.000 galegos emigran, malia que morra máis xente da que nace. As limitacións impostas desde a Unión Europea á construción naval, á produción láctea e á pesqueira agravaron aínda máis esta situación. Faltounos poder político dentro do Estado español e da UE, voz propia para defende-los nosos intereses económicos (pero tamén outros, como os culturais e sociais). É importante dicir isto, porque calquera proposta económica e social propia só vai ser viable se contamos cun maior peso político, con forzas propias que sexan hexemónicas internamente.

Unha parte importante da economía galega actual ten pés de barro. Trátase de empresas de enclave ou nas que as vantaxes competitivas son circunstanciais (aluminio, vehículos, confección, etc.). Manter estas actividades vai depender de decisións externas, pero tamén de que o mercado interno manteña un gran dinamismo, de que se fagan grandes investimentos en investigación e formación, de que se melloren as infraestruturas e, especialmente, de que Galicia sexa unha ponte de privilexio con Portugal, Latinoamérica e a Europa atlántica. Mais, fundamentalmente, ¿temos que diversifica-la nosa produción e romper coas limitacións que nos impiden desenvolver aqueles sectores nos que temos mellores condicións para producir!

Entre os sectores nos que temos vantaxes competitivas están, sen lugar a dúbidas, o pesqueiro (conservas, afumados, precociñados, frío, etc); o da horta, que se pode vincular na súa elaboración e comercialización ós transformados mariños; a madeira, sempre que se faga unha explotación máis racional do monte e que se potencie unha industria do moble con formas orixinais, que identifiquen a Galicia; todo o relacionado coa gandería, co viño e coa pataca pero, tamén, coa produción de infraestruturas de maquinaria que teña que ver con estes sectores e actividades; outras producións, como a de cerámicas, louzas, tellas e materiais para construción, sectores nos que contamos cunha longa tradición industrial e coa materia prima necesaria. En fin, non se trata aquí de facer un estudio completo sobre os sectores productivos galegos, só marcar unha tendencia, un criterio.

Pero dirá o lector que todo está moi ben, mais que hai uns recursos limitados, ¿onde poñe-lo acento?, ¿cales deben se-las prioridades? Hai que tratar de resolver a un tempo todos estes aspectos pero deben fixarse ritmos máis acelerados nalgúns. Por exemplo, á formación cómpre dedicarlle un esforzo especial para preparar cadros técnicos superiores e científicos, que permitan innovar, xerar novas empresas, entrar en novas actividades, producir con maior calidade e vender máis eficazmente. Persoas así non se forman en seis meses, nin nun ano, e necesitan dos mellores mestres. Non resulta lóxico gasta-lo diñeiro en varias estradas que nos conecten con Europa e co resto da península se non temos un sistema viario interno que permita harmoniza-lo territorio e potencia-lo consumo no seu interior. Nun caso estaremos desenvolvendo (estratexicamente) a nosa economía, no outro potenciaremos actividades de enclave, nos que Vigo, A Coruña ou Vilagarcía serán cidades terminais cun *interland* feble.

A economía galega do século XXI depende de moitos factores, pero sempre e especialmente de nós, dos galegos e galegas, da nosa visión de futuro, de que saibamos aproveita-la nosa historia, a nosa potencialidade, os nosos recursos en materias primas e humanos, de que sexamos quen de rematarmos coa dependencia e coa colonización. Todo isto sen que perdamos nunca de vista que a economía debe estar ó servizo dos homes e mulleres, ¡de todos!, ou cando menos das grandes maiorías.